



Listos para descubrir a biodiversidade do solo

Solo: un recurso
precioso para descubrir
e protexer



Listos para descubrir a biodiversidade do solo

ESTUDANTES

Maria Lorena Acquavite

Mirko Carone

Sofia Famiani

Giorgia Miraglia

Lorena Parasiliti

Gaetano Sciammacca

Daria Valu

PROFESORES

Gaetana B. Foti

Donatella Romano

Giuseppa Gusmano



A Sociedade Italiana da Ciencia do Solo, xunto coa Universidade de Palermo, a Sociedade Europea para á Conservación do Solo e o Parque Natural de Nebrodi (o parque rexional máis grande de Sicilia - Italia), organizaron a celebración do Día Mundial do Solo (DMS) en decembro de 2019, coa participación de máis de 500 estudantes nun 'concurso de solos'. Naquela ocasión a convidada especial da celebración foi Montserrat Díaz-Raviña (IIAG-CSIC, Presidenta da Sección de Bioloxía da Sociedade Española de Ciencias do Solo, SECS), promotora e coordinadora do proxecto do cómic "Vivir no solo", que foi traducido ao italiano "Vivere nel suolo". Os nenos (10-12 anos) que participaron no concurso "Vivir no solo: o Día mundial do solo" guiados por profesores, prepararon varios traballos, baseados no cómic "Vivir no solo", que se exhibiu durante o Celebración do WSD. Ademais, un dos equipos, formado por sete nenos e tres profesores do Instituto de Secundaria de Capizzi-Cesarò (Sicilia, Italia), elaboraron un fermoso libro feito á man, en formato de cómic, para Montserrat como agasallo por permitirlles descubrir o solo. Montserrat Díaz Raviña suxeriu compartir este libro excelente e innovador co fin de usalo como recurso didáctico para difundir o coñecemento sobre a biodiversidade do solo entre estudantes novos da mesma idade ca os autores a nivel nacional e internacional. O director e os profesores do Instituto apoiaron esta idea por unanimidade. Carmelo Dazzi (Sociedade Europea para a Conservación do Solo (ESSC)) e Giuseppe Lo Papa (Sociedad Italiana da Ciencia do Solo, quen tamén preparou o pdf), traduciron o libro do italiano ao inglés.

A edición deste libro foi posible grazas á colaboración do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas (IIAG-CSIC, España), á Sociedade Española de Ciencias do Solo (SECS), ao Parque Natural de Nebrodi, á Sociedade Italiana de Pedoloxía (SIPe), á Sociedade Italiana da Ciencia do Solo (SISS) e a Sociedade Europea para á Conservación do Solo (ESSC).

Dereitos de autor: Autores 2021

Guión e ilustracións: Maria Lorena Acquavite, Mirko Carone, Sofia Famiani, Giorgia Miraglia, Lorena Parasiliti, Gaetano Sciammacca e Daria Valu

Documentación e asesoramento científico: Gaetana B. Foti, Donatella Romano e Giuseppa Gusmano

Tradución do español ao galego: Montserrat Díaz Raviña (IIAG-CSIC)

Adaptación: Giuseppe Lo Papa, Carmelo Dazzi (Universidade de Palermo) e Montserrat Díaz Raviña

Promotores científicos: Montserrat Díaz-Raviña, Carmelo Dazzi e Giuseppe Lo Papa

Financiamento: IIAG-CSIC, SECS, Parque de Nebrodi, SIPe, SISS e ESSC

Coordinación: Montserrat Díaz-Raviña (IIAG-CSIC)

Editora: Andavira S.L.


ISBN: 978-84-123245-5-6




O solo é un mundo cheo de vida:
descubrir os seus misterios e atopar
os seus habitantes é unha aventura
fascinante e emocionante.

A viaxe empeza coa divertida
historia duns nenos
que un día, por casualidade,
atopan a Sarina a toupa traste
que os acompaña
nesta interesante viaxe para descubrir
o recurso do solo
para coñecelo, amalo e protexelo.

Estes son os amigos que nos guiarán
para descubrir a biodiversidade do solo









Que!!
A parte
exterior?



Si! Aí mesmo,
onde camiñamos
e corremos



De verdade?



Comecemos esta
marabillosa aventura!!
Hurraaaaaaaaaaaaa!



Queridos nenos!

O solo é a cortiza
do noso planeta, e
sen ela destrúese
en pouco tempo



Entón o solo é
un recurso valioso
que debe ser
coñecido e
protexido

Grazas á súa presenza os
animais, as plantas e os seres
humanos poden alimentarse
e vivir



Explorémolo!
UAU!!! QUE
MARABILLA!!

Vide comigo!
Vouvos facer
explorar o subsolo.





O solo está formado por capas superpostas.
A parte superior está composta por follas,
pequenas ramas e anacos de cortiza. Aquí
introdúcense as raíces.
O humus está composto de plantas e animais
descompostos, fungos e bacterias.
A fase mineral está formada por fragmentos
de rocha, de area, de arxila e de sales minerais.
A rocha nai está formada por rochas duras e
compactas Polo tanto, o solo realiza moitas funcións!!



Quen son estes
pequenos seres?

Todos son moi importantes
porque transforman e melloran
a composición do solo,
facéndoo máis fértil.
Vouvos presentar algúns
deles: a toupa Sarina a
bailarina, a formiga
os colémbolos, a larpeira,
Iside a traballadora,
a araña Cirina moi linda,
a cochinilla Maura a cantante,
o cempés Fagiolino o
cantarin, o verme Nico o
argalleiro...



Nico o argalleiro ...
Que simpático
Como estás a xogar?

Eh! Amigos, benvidos ao noso parque
de xogos. Divirtámonos percorrendo os
nossos túneles escavados no chan brando
e húmido.

Mirade que ben se escorrega!!
Que divertido ser un verme e escorregar así.
UAU! Parece que estamos nunha montaña rusa.
Aqui a terra é tan branda que podo empuxar aquí
e alá. Paréceme que estou patinando.
ESPERA, ESPERA!!! RITMOOO!!

Mira en cambio
que compacto é o solo
aquí onde estou
eu!!! Para compensar,
hai moita comida
ÑAM, ÑAMMMM!!



Nico apetéceche vir
connosco xogar sobre
o solo?



Qué? Acepto
a invitación!
Imos!



Axuda!!! Síntome
morrer neste ambiente
tan seco!!! Axuda!!!

SOS SOLO!

De súpeto escoitouse un son especial que dicía “NON TEÑADES MEDO NENOS” son o solo e teño ganas de falar.

Chegou o momento de que me faga oír e rógovos que me escoitedes. “AXUDÁDEME!!!” se podedes, necesito respirar levo moito tempo sentíndome mal, estou enfermo.

Pensade! Os seres humanos úsanme ao seu antollo estea onde estea, non me queren respectar.

Pero como non hai coherencia, parece que ninguén pode evitar ensuciar, contaminar, abandonar o lixo e non avergoñarse, e dende hai moito tempo a miña saúde é moi mala

“POBRE DE MIN!” Como me transformaron. E pensar que houbo un tempo no que fun moi apreciado por todos.

O labrego queríame e sementábame co arado sen mancarme e, ademais, non usaba herbicidas nin pesticidas.

E agora estou seco, agás cando as alteracións atmosféricas me afogan: derrubes, inundacións (non pola miña culpa), cantas veces, debido á globalización, fun usado polo home para obter beneficios indignos.

E a pesar das prohibicións impostas polas leis, repítese o desastre, deixando en min todo tipo de venenos.


CANTO SUFRO MEUS QUERIDOS AMIGOS!!!

Eu son o chan bendito que todos usan, así que basta co abuso. Basta coa contaminación!! Basta coa sobrecarga da construción que non podo soportar e que me mata! Temos que parar todo isto porque o deserto avanza e asfíxíame!!

Pobre bosque que a todos acolliches, e agora os seres humanos agridente e quémante. Sen ti non podo resgardarme do mal tempo, do sol e da choiva.

Agora que falei dos meus sufrimentos, quero dicirlle ao mundo:

AXUDÁME a SALVAR o PLANETA TERRA!



Poema da TERRA

Mapa de mil carreiros
tobo de insectos e segredos
porta de grandes misterios
casa de verdes alfombras
berce de cor canela
torta de moitas fariñas
terra terrible e fermosa
pel de augas e outeiros.

C. Carminati